

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 08 DE AGOSTO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Oito de Agosto do Douz mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/053

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/08/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR DEL SUMINISTRO DENOMINADO "ACTUALIZACIÓN DE LOS CONTENIDOS DIDÁCTICOS DEL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE_NEXTGENERATIONEU, LÍNEA 2""

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/054

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/08/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR DEL SUMINISTRO DENOMINADO "MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD A LA SALA DE EXPOSICIÓN PERMANENTE DEL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE: ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE ELEVADOR VERTICAL""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/016

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 02/08/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR DE LA “REDACCIÓN DEL PROYECTO DE RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LA SENDA DE LOS MOLINOS DE AGUA DEL RÍO SAIÑAS””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/015

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 02/08/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN, CÓMO CONTRATO MENOR, DE LAS OBRAS “INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGETICA MEDIANTE ILUMINACION LED REAC-UE, NEXT GENERATION EN EL MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/275

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/07/2024. DECRETO: “DECLARACIÓN DE DESIERTA de la licitación convocada para la contratación del “SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEOS PÚBLICOS ECOEFICIENTES EN LUGARES DE INTERÉS TURÍSTICO” FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU.””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/401

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/07/2024. DECRETO: “Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato para ASISTENCIA TÉCNICA PARA LA GESTIÓN DEL PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DESTINO PSTD” – FINANCIADO POR NEXT GENERATION EU”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/055

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/08/2024. DECRETO: “Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato para ejecutar las obras del proyecto de “REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO”, FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)”



8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/303

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/07/2024. DECRETO: “Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato para ejecutar las obras del proyecto de “REGENERACIÓN DEL BORDE LITORAL DE LA PLAYA DE LOS MOSQUEIROS Y FONTE SECA (CASTIÑEIRAS). FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU”

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/274

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/07/2024. DECRETO: “Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato para la DOTACIÓN DE UN ÁREA DE APARCAMIENTO INTELIGENTE EN EL CENTENARIO.” FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU (PRTR)”

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/056

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/08/2024. DECRETO: “Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA DE LAS OBRAS Y COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD PARA LA “REHABILITACIÓN DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO (PIREP 2)” - REACT-UE NEXT GENERATION”

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/043

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/07/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO “SERVICIOS PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS DE APOIO Ó PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL MUNICIPAL””

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/156

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/07/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO PARA EJECUTAR LAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS EXTERIORES DEL FARO DE CORRUBEDO”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241395471
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/09/2024		Fecha: 19/09/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/09/2024		Hora: 10:54
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2024 10:54:18		



13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/402

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/07/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO PARA EJECUTAR LAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS EXTERIORES DEL FARO DE CORRUBEDO". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13638 30.05.2024 JORGE PÉREZ OTERO, cambio de ventana, na rúa Miguel Rodríguez Bautista, Ribeira.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13007 23.05.2024 Mª ELISA LLOVO MARIÑO, reforma de tuberías, na rúa Vionta, 4, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8961 10.04.2024 MANUEL TORRES FERNÁNDEZ, obras de mellora do peche da finca, no lugar de Arribó, 12, Castiñeiras.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13868 31.05.2024 PINO MANSO GRUPO INMOBILIARIO, S.L.U., vaciado de local en semisótano, con retirada de elementos fixos para deixalo diáfano, na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, 11, Ribeira.



18.- VAO PERMANENTE – María Josefa Diz Dios

Visto o escrito presentado por **María Josefa Diz Dios**, de data 30/07/2024 (Registro de entrada nº 19.379), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en lugar da Graña, nº 16 (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/07/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María Josefa Diz Dios**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en lugar da Graña, nº 16 (Carreira), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

19.- VAO PERMANENTE – Dulce María Maneiro Martínez

Visto o escrito presentado por **Dulce María Maneiro Martínez**, de data 03/08/2024 (Registro de entrada nº 18.217), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Delicias, nº 26 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/07/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Dulce María Maneiro Martínez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Delicias, nº 26 (Corrubedo), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



20.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.D.O.P.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 01/08/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.D.O.P.**, mediante escrito de data 01/08/2024 (Rexistro de entrada nº 19.666).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampredo, de data 01/08/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a M.D.O.P. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **2.700,00 €** (450,00 € x 6 meses), en concepto de Renda Social Municipal; así como unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **900,00 €** (150,00 € x 6 meses), en concepto de tarxeta de alimentación Vegalsa Erosky.

21.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚA PORTUGAL (RIBEIRA)

Visto o informe/proposta de resolución da Policía Local relativo á necesidade de modificar a sinalización horizontal da zona de carga/descarga da rúa Portugal (Ribeira), situada ao carón da Casa Consistorial provisional, debido a que pola súa lonxitude os vehículos non poden realizar o xiro con seguridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á modificación da sinalización horizontal da zona de carga/descarga da rúa Portugal (Ribeira), situada ao carón da Casa Consistorial provisional, para que os vehículos poidan realizar o xiro con seguridade, segundo o contido do citado informe policial.

22.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA AS ENTRADAS ÁS FUNCIÓNS DA MOSTRA DE TEATRO DE RIBEIRA 2024

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, relativa á aprobación de prezos públicos da Mostra de Teatro de Ribeira 2024, e na que expón:

“A Mostra de Teatro é unha proposta cultural que se celebra cada ano dentro da programación do Concello de Ribeira. Trátase dun programa de difusión das artes escénicas que fomenta a diversidade teatral e aposta polas linguaxes da dramaturxia contemporánea, buscando entre os seus obxectivos achegar o mundo teatral a toda a poboación. As representacións, destinadas a público xuvenil e adulto, terán lugar no novo Auditorio Municipal os venres ás 21:15 h, do 27 de setembro ao 13 de decembro.

O aforo máximo do auditorio é de 477 persoas (473 butacas e 4 son espazos reservados para cadeiras de rodas – dous en patio de butacas e dous en balcón-). Dende a organización decidíuse reservar para “protocolo e necesidades das compañías” un total de 8 butacas, así como bloquear outras 4 por motivos técnicos (acceso a cadros eléctricos e conexións para equipamento) polo que o número máximo de butacas á venda para a mostra será de 465. Destas 465 butacas á venda, 380



ofertaranse na modalidade de bono e 85 en modalidade de entrada individual para cada función concreta.

A entrada para cada espectáculo ao auditorio municipal farase por parte do público entre as 20:45 e as 21:15 h, procedendo ao peche de portas ás 21:15 h sen que derive ningún dereito ao espectador con bono ou entrada que quedase fóra; no caso da variación da hora do espectáculo, a entrada realizarase media hora antes do seu inicio.

O calendario de actuacións para este ano 2024 é o que se detalla a continuación e conta con doce espectáculos:

"VAS RIR. CABARET CLIMÁTICO" Culturactiva	27 de setembro
"O DRAGÓN DE OURO" Sarabela Teatro	4 de outubro
"TOP MANTA" Compañía Fulano, Mengano e Citano	11 de outubro
"UNHA INIMIGA DO POBO" Talía Teatro	18 de outubro
"ENTREGA EN MAN" Contraproducións	25 de outubro
"D.E.P." Malasombra Producións	31 de outubro
"AS FORMAS DO AMOR" Verdeveras Expresións Artísticas	8 de novembro
"MÁIS SAAABOR" Culturactiva	15 de novembro
"BOA SORTE, MALA FAMA" Tarabela Creativa	22 de novembro
"Á LUZ DO DÍA" Serea Teatro	29 de novembro
"HAMELIN" Redrum teatro	5 de decembro
"LEO BASSI: YO MUSSOLINI" Culturactiva	13 de decembro

Normativa de adquisición de entradas/bonos e prezo público:

- O prazo para a venda dos bonos e entradas iniciarase o 9 de setembro en ambos casos, e será o seguinte:
 - o Venda de bonos do 9 de setembro ata o 11 de outubro (ou ata esgotarse)
 - o Venda de entrada individual do 9 de setembro ata o 13 de decembro (ou ata esgotarse para cada función)
- As entradas e bonos poderán adquirirse nos prazos indicados no punto anterior a través da billeiteira de ABANCA e o pago realizarase nesa plataforma mediante tarxeta bancaria. Dende o Concello facilitarase e asistirse á veciñanza no acceso a esta plataforma de venda online, especialmente a aquelas persoas que polas súas dificultades específicas non poidan facelo de xeito autónomo, para o cal deberán dirixirse nos prazos indicados no primeiro punto á Oficina de Atención Cidadá (OAC) do Concello de Ribeira, de luns a venres de 9:30h a 14:00h, sendo igualmente necesario o pago mediante tarxeta bancaria e a través da mesma plataforma de ABANCA.



- O prezo público para a entrada individual fíxase en 4,50€ +10% IVE (total= 4,95€), incrementada dita cantidade en 0,50 € en concepto de comisión da entidade bancaria (comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria), polo que o importe total para o público por entrada individual será de 5,45 €.
- O prezo público para o bono para toda a mostra fíxase en 31,82€ +10% IVE (total= 35,00 €), cantidade que se incrementará en 3,50 € en concepto de comisión da entidade bancaria (comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria), polo que o importe total para o público por bono será de 38,50 €.
- A imposibilidade do comprador de asistir ao espectáculo por causas alleas á organización e/ou o erro ao realizar a compra da entrada/bono non serán motivos válidos para solicitar a devolución do importe. Unha vez adquirida a entrada ou bono, unicamente se devolverá o seu importe en caso de cancelación do evento e previo informe da área de cultura de dita circunstancia.
- A asignación das butacas poderase escoller por parte do espectador/a, no momento da adquisición do bono ou entrada, sobre plano e mentres haxa dispoñibilidade. No caso de localidades específicas para persoas con mobilidade reducida, discapacidades ou neurodiverxencias, a adquisición nesta modalidade sen cumprir coa condición necesaria impedirá o acceso ao recinto. Para iso a organización poderá requirir, no momento do acceso ás instalacións, a documentación acreditativa de ditas circunstancias se o considera oportuno (certificado de discapacidade).
- O bono dará dereito á entrada para todas as funcións da Mostra debendo amosalo cando lle sexa requirido pola organización.
- A entrada ou bono dará dereito á reserva da butaca seleccionada, o acceso á sala do Auditorio e ao goce unicamente da representación teatral para a que foi expedida e perderá validez unha vez comezada a función e pechadas as portas do salón de actos non habendo lugar a reclamacións.
- Cada entrada ou bono levará asignado un número de butaca do salón de actos do auditorio, que será o que deba ocupar o/a espectador/a. Por causa de forza maior a organización poderá reasignar as butacas previo aviso á persoa interesada.
- As butacas cuxa reserva foxe vendida previamente por entrada ou bono e non sexa ocupada nalgunha función permanecerá baleira e non será cuberta por ningunha causa exceptuando motivos de organización ou necesidade protocolaria.

Relación ingreso/gasto e xustificación:

Á vista dos prezos indicados no punto anterior o ingreso máximo por prezo público sería de 16.681,60 €, tendo en conta que se porán á disposición do público 465 butacas (380 bonos e 85 entradas) para doce funcións. O cálculo realizado sería o seguinte en termos absolutos:

Nº funcións da Mostra de Teatro 2024	Nº máximo entradas/función	Prezo público /entrada (sen iva e sen comisión bancaria)	Ingreso máximo por venda de entradas
12	85	4,50 €	4.590,00 €
	Nº máximo bonos para toda a mostra		
	380	31,82 €	12.091,60 €
		INGRESO MÁXIMO	16.681,60 €

En canto aos gastos para esta MOSTRA DE TEATRO 2024, relacionase a continuación o custo dos cachés e equipamentos dos espectáculos, debendo indicar que un deles é de contratación directa (Yo Musolini), outro a través das axudas á distribución da AGADIC (Sarabela teatro- O Dragón de Ouro) e os dez restantes son espectáculos que foron seleccionados a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña e concedidos mediante resolución publicada no BOP



Nº102 de 28/05/2024, resultando os seguintes gastos:

	Título da Obra	100 % Caché (€) IVE ENGADIDO	Concello 60%	Deputación 40%
1	“VAS RIR. CABARET CLIMÁTICO” Culturactiva	2.904,00 €	1.742,40	1.161,60
2	“ENTREGA EN MAN” Contraproducións	4.477,00 €	2.686,20	1.790,80
3	“TOP MANTA” Compañía Fulano, Mengano e Citano	2.800,16 €	1.680,10	1.120,06
4	“UNHA INIMIGA DO POBO” Talía Teatro	5.890,00 €	3.534,00	2.356,00
5	“D.E.P.” Malasombra Producións	2.541,00 €	1.524,60	1.016,40
6	“AS FORMAS DO AMOR” Verdeveras expresións Artísticas	2.600,00 €	1.560,00	1.040,00
7	“MÁIS SAAABOR” Culturactiva	1.452,00 €	871,20	580,80
8	“BOA SORTE, MALA FAMA” Tarabela Creativa	2.904,00 €	1.742,40	1.161,60
9	“Á LUZ DO DÍA” Serea Teatro	2.820,00 €	1.692,00	1.128,00
10	“HAMELIN” Redrum teatro	4.961,00 €	2.976,60	1.984,40
11	“O DRAGÓN DE OURO” Sarabela Teatro	968,00 € (100% Concello)	968,00 (100% Concello)	
12	“LEO BASSI: YO MUSSOLINI” Culturactiva	4.235,00€ (100% Concello)	4.235,00 (100% Concello)	
			25.212,50 € (Ive engadido)	
APORTACIÓN CONCELLO SEN IVE (21%)			20.836,78 €	

Polo tanto o gasto en cachés e equipamentos das representacións teatrais sufragado polo Concello ascende a 20.836,78 € (sen Ive).

En canto ao resto de custos derivados da posta en marcha desta programación: CARTELERÍA, ASISTENCIAS TÉCNICAS, CARGA E DESCARGA ascende a unha cantidade aproximada de 3.926,96 €.

Polo tanto o custo total derivado das actuacións da Mostra de Teatro 2024 pon de manifesto a existencia dun desequilibrio entre ingresos e gastos, se ben cómpre indicar o seguinte ao respecto:

1.- Este desequilibrio pode ser sufragado con cargo aos créditos orzamentarios do Departamento de Cultura.



2.- Débense ter en conta as evidentes razóns de interese público que sustentan a actividade cultural do Concello, e moi especialmente o programa de representacións teatrais obxecto deste expediente, o que xustifica que este prezo público non se eleve ata importes que permitan financiar a totalidade do gasto; e acolléndose á posibilidade contemplada na ordenanza municipal C3 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outra actividade de carácter deportivo e sociocultural no seu artigo 4.

3.- A posta en marcha deste prezo ten entre os seus principais obxectivos o de acadar unha mellor xestión do fluxo de asistentes ás representacións, considerándose por elo convinte establecer os seus importes en contías que non teñan carácter disuasorio, sen prexuízo das conclusións que puideran extraerse a partir da súa implantación, de cara ao establecemento no futuro doutros prezos similares.”

Á vista de todo o exposto anteriormente, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- **Autorizar a celebración desta programación de teatro.**
- **Aprobar o prezo público sinalado para cada representación teatral e para o bono para a totalidade da mostra.**
- **Aprobar a normativa de adquisición das entradas así como para a posta en marcha da billeteira electrónica con Ataquilla de Abanca.**

23.- APROBACIÓN NOVA CONVOCATORIA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE TEATRO

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de da 01/08/2024, na que expón:

“A concellería de Cultura de Ribeira ten interese en continuar o vindeiro curso coa Escola Municipal de Teatro na categoría infantil, dirixida a nenas e nenos de 7 a 12 anos de idade. Ademais, quérese impulsar tamén unha categoría xuvenil, dirixida a mozos e mozas de 13 a 17 anos dado o interese e demanda que existe por parte da mocidade.

Esta actividade persegue, entre outros obxectivos, fomentar e potenciar a creatividade, favorecer a convivencia, a socialización e tamén estimular o interese pola nosa lingua e cultura, sendo unha oportunidade idónea para espertar nos máis cativos e a mocidade as súas aptitudes artísticas, creativas e sociais conseguindo coa educación teatral temperá maior capacidade de comunicación.

Co fin de poder abrir un período de matrícula para esta actividade, proponse a aprobación dunha normativa de admisión así como do prezo público de matrícula que deberán aboar os participantes –a través da modalidade de autoliquidación- unha vez confirmada a súa reserva de praza correspondente, no período que se estableza e achegando a documentación requirida.

- **Calendario da escola na categoría infantil:**
 - Data de inicio:** Segunda quincena de setembro de 2024 (previsiblemente o 26/09/24)
 - Data de remate:** Primeira semana de xuño de 2025
 - Lugar:** Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
 - Horario:** 18.30 a 20.00 horas; 1 día/semana (xoves)
 - Prazas:** 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 - Idades:** Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 7 e 12 anos.
- **Calendario da escola na categoría xuvenil:**
 - Data de inicio:** Segunda quincena de setembro de 2024 (previsiblemente o



24/09/24)

Data de remate: Primeira semana de xuño de 2025
 Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
 Horario: 19.00 a 20.30 horas; 1 día/semana (martes)
 Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 13 e 17 anos.

➤ Prezo:

O prezo a abonar polos participantes en ambas as dúas categorías será o establecido conforme as ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PUBLICOS. C. Ordenanzas reguladoras de prezos públicos. C.2 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS. Escola Municipal de Teatro: a) Matrícula ordinaria: 127,92 €.

Ademais interesados en contribuír na diminución do esforzo que pode representar para familias incluídas dentro dos colectivos vulnerables para facilitar a participación nestas actividades, e de conformidade a Disposición Adicional da antedita ordenanza "Autorízase á Xunta de Goberno Local a modificar a contía do prezo público, regulada no artigo 3º desta Ordenanza" considérase que se debe aplicar unha bonificación e propónse a aplicación dun desconto do 20% sobre o importe de matrícula (resultando un prezo de 102,34€ para estes colectivos) aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):

- Familias que teñan a condición de FAMILIA NUMEROSA (acreditado documentalmente co TÍTULO correspondente).
- Familias acolledoras ou monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial.
- Familias con dous ou máis inscrites/as nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos.
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa DESEMPREGADO/A DE LONGA DURACIÓN (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade, debendo presentar vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego).
- Familias nas que o propio participante acredite unha DISCAPACIDADE DE AO MENOS O 33% (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

➤ Admisión de participantes con diversidade funcional:

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.
- Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

➤ Prazos de presentación de solicitudes:

Por conseguinte temos interese en abrir o prazo de matriculación en dúas quendas, segundo o



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241395471
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/09/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2024 10:54:18		Fecha: 19/09/2024 Hora: 10:54



seguinte calendario:

- **RENOVACIÓN DE PRAZA (PARA O GRUPO INFANTIL):** Do 12 ao 23 de agosto. O alumnado de renovación ao que corresponda continuar no grupo infantil e que realice a solicitude de matrícula neste período terá garantida a praza.
- **ALUMNADO DE NOVA INSCRICIÓN (PARA GRUPO INFANTIL E GRUPO XUVENIL):** Do 26 de agosto ao 5 de setembro de 2023 para novas inscricións.

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira:

- De maneira presencial na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9:00 h. a 14:00 h.) presentando a ficha de inscrición cuberta, folla de autorización e a copia do DNI do participante e do pai/nai/titor.
- De forma telemática (necesario certificado dixital) a través da web www.ribeira.gal: a partir das 9:00 h do día 12 de agosto para a renovación e do 26 de agosto para as novas inscricións. Deberase tramitar a solicitude de carácter xeral no apartado –SEDE ELECTRÓNICA- TRÁMITES DESTACADOS – SOLICITUDE XENÉRICA e xuntar a ese procedemento a ficha de inscrición cuberta, folla de autorización asinada así como copia do DNI do participante e do DNI do pai/nai/titor.

Documentación OBRIGATORIA necesaria para a realizar a solicitude:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I)
- DNI ou folla do libro de familia correspondente ao participante.
- DNI do pai/nai/titor responsable.
- Se ten dereito a bonificación do prezo da matrícula deberá presentar ademais copia da documentación acreditativa: título de familia numerosa, certificación de familia acolledora, certificación de discapacidade, certificación de monoparentalidade, acreditación de desemprego de longa duración, etc.

Admisión:

O alumnado de renovación de praza ao que corresponda continuar no grupo infantil e que realice a solicitude de matrícula no período correspondente terá garantida a praza polo que non se publicará ningún listado, debendo realizar directamente o pago no prazo indicado (do 9 ao 16 de setembro).

Para o alumnado de nova inscrición (tanto para o grupo infantil como para o xuvenil) a listaxe de admisión e agenda publicarase o 9 de setembro. As solicitudes atenderanse por orde de inscrición segundo número de rexistro.

Prazos e formas de pago:

- Tanto para o alumnado de renovación de praza como para o alumnado de nova inscrición admitido o prazo para realizar o pagamento será do 9 ao 16 de setembro (ambos incluídos). Unha vez realizado o pago deberase enviar copia do xustificante ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal no mesmo prazo.

Para realizar a autoliquidación deberase entrar na web municipal www.ribeira.gal, no apartado SEDE ELECTRÓNICA-RECIBOS E IMPOSTOS- AUTOLIQUIDACIÓN AVANZADAS, e cubrir os datos que se requiren para o “TRIBUTO: PREZO PÚBLICO ESCOLAS DE TEATRO E BALLET” seleccionando os apartados “TEATRO – MATRÍCULA ORDINARIA”, bonificación SI ou NON. O pago poderá facerse directamente a través da opción PAGAR ONLINE ou IMPRIMIR RECIBO e facer o pago na sucursal bancaria ou no seu caixeiro. Unha vez realizado o pago deberase enviar copia do xustificante ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal”

Á vista de todo o exposto anteriormente, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



1. Aprobador a convocatoria dunha nova edición da Escola Infantil Municipal de Teatro nas categorías infantil e xuvenil.
2. Aprobador os prazos de matrícula.
3. Aprobador a normativa de admisión e dos prezos públicos indicados.

24.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FINANCIAMENTO DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA "ARTEMAR" - FESTA DO POLBO DE PALMEIRA – EVENTO TURÍSTICO GASTRONÓMICO "CAMIÑO DOS MITOS E LENDAS"

Vista a proposta presentada polo Francisco Suárez-Puerta Colomer, Concelleiro de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 05/08/2024, na que expón:

“Concorrer ao proceso de Solicitudes de Subvencións, en relación á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 129, de data 05/07/2024).”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento da Feira Artesanal e Mariñeira “ARTEMAR” – Festa do Polbo de Palmeira “subvencións dirixidas a concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024”.
 - O importe da subvención solicitado é de 12.000 € mentres que o importe total a investir é de 15.000€.
 - O Coeficiente solicitado é do 80% á Deputación da Coruña mentes que o Concello de Ribeira aportaría o 20%
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida; así como utilizar a lingua galega na realización e desnvolvemento do proxecto.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.



25.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE PALMEIRA – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Vista a proposta conxunta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, e da Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal do Concello de Ribeira, Antía Alberte Maneiro, de data 06/08/2024, relativa á celebración das Festas de Palmeira, e na que exponen:

“

- *Recíbese peticións de Amador Eiras Lojo en nome da Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira, rexistro electrónico núms. 2024 345, 18078 e 18885 de 23/abril 12 e 21 de xullo de 2024 interesando celebrar as Festas Patronais de Palmeira os días 9, 10 e 11 de agosto de 2024.*
- *Manifesta que habrá pirotecnia, actividades infantís, orquestras, disco mobiles, actos relixiosos (procesión do Carme). Achega cartel anunciador da Programación da festa. Achega:
.No enderezo de correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.com recíbese na data 04/8/2024 ás 15.56 horas.*
 - ✓ *Cartel anunciador da Programación da festa*
 - ✓ *Póliza de Seguro Responsabilidade Civil e recibo de pago (Nº Póliza 1500430311 coa vixencia de ata ó 21-06/2025).*
- *A ubicación da celebración da meirande parte das actividades ten lugar en zona do Porto de Palmeira, motivo polo que foi tramitado ante Portos de Galicia autorización de ocupación. (Expte. 2024 OTCU000004).*
- *Por isto solicita:*
 - *Autorización para celebrar as Festas Patronais de Palmeira os días 9, 10 e 11 de agosto de 2024, cunha programación de actos aberta e gratuíta tendo a previsión de 2000 participantes aprox.*
 - *Sinalización de rúas e disposición de valado.*
 - *Servizo de limpeza e disposición de contenedores de residuos sólidos urbanos.*
 - *Acometidas eléctricas.*
 - *A participación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira para cantar a misa solemne ó sábado 10 de agosto ás 20.30 horas.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Autorizar á celebración das Festas Patronais de Palmeira os días 9 , 10 e 11 de agosto de 2024, cunha programación de actos aberta e gratuíta tendo a previsión de 2000 participantes aprox. co horario límite de ata ás 6.00h am dos días 10 e 11 de agosto e 5.00h am do día 12 agosto respectivamente.
2. Apoio do Corpo da Policía Local na ordenación do tráfico, sinalización correspondente e valados en función da súa disponibilidad e con especial atencións as zonas na que teñen lugar as actividades da programación.
3. Dispor do servizo de limpeza viaria e reforzar o número de depósitos de residuos durante os días da festa.
4. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:



- ✓ Declaración responsable asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.
 - ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.
 - ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
5. Comunicar ao solicitante que
- ✓ Non é posible atender a petición da participación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira por motivos de axenda.
 - ✓ Non é posible atender a petición das conexións eléctricas xa que o Concello de Ribeira non asume este servizo ata o día de hoxe.
 - ✓ Precisar a autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.
 - ✓ Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
 - ✓ Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para atender a todo o relativo á regulación do tráfico e sinalización viaria e disponibilidad de valado.

26.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO REENCANTO DE CORRUBEDO – Asociación Vivir en Corrubedo

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 05/08/2024, relativa á celebración das Festas de Palmeira, e na que expón:

- “
- *Recíbese petición de Abdón Santos Santos en nome da Asociación Vivir en Corrubedo, rexistro electrónico núm. 2024 17511 de 05 xullo de 2024 interesando celebrar as Festas do Reencanto de Corrubedo, na honra á Virxe do Carme, os días 9, 10 e 11 de agosto de 2024.*
- Achega:
- ✓ *Declaración de responsabilidade asinado ó 5-7-2024.*
 - ✓ *Cartel anunciador da Programación da festa.*
- No enderezo de correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.com recíbese na data 05/8/2024:*
- ✓ *Documentación técnica de escenarios móbiles*



- ✓ *Póliza de Seguro Responsabilidade Civil e recibo de pago (Nº Póliza RS-G-034.002.435 coa vixencia de ata ó 10-05-2025).*
- *A ubicación da celebración da meirande parte das actividades ten lugar en zona do Porto de Corrubedo, motivo polo que foi tramitado ante Portos de Galicia autorización de ocupación. (Expte. 2024 OTCU000004).*
- *Por isto solicita:*
 - *Autorización para celebrar as Festas do Rencontro de Corrubedo na honra á Virxe do Carme, os días 9, 10 e 11 de agosto de 2024 e comunicación de horarios.*
 - *Sinalización de rúas e disposición de valado (en especial o día da procesión de 12.00 h ata 15 horas ó domingo 11 de agosto).*
 - *Servizo de limpeza e disposición de contenedores de residuos sólidos urbanos.*
 - *Aportación económica.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1. Autorizar á celebración das Festas do Reencontro, na honra da Virxe do Carme, en Corrubedo os días 9, 10 e 11 de agosto de 2024, cunha programación de actos reflectida no cartel anunciador, co horario límite de ata ás 6.00h am dos días 10 e 11 de agosto e 5.00h am do día 12 agosto respectivamente.**
- 2. Apoio do Corpo da Policía Local na ordenación do tráfico, sinalización correspondente e valados en función da súa disponibilidad e con especial atención nas zonas na que teñen lugar as actividades da programación (procesión de 12.00h ata ás 15 horas o día 11 de agosto)**
- 3. Dispor do servizo de limpeza viaria e reforzar o número de depósitos de residuos durante os días da festa.**
- 4. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:**
 - ✓ **Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.**
 - ✓ **Boletíns eléctricos da instalación** segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
 - ✓ **Determinar a capacidade ou aforo desta festa.**
- 5. Comunicar ao solicitante que**
 - ✓ **Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.**
 - ✓ **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.**
 - ✓ **Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.**



Dar traslado deste acordo á Policía Local para atender a todo o relativo á regulación do tráfico e sinalización viaria e disponibilidad de valado.

27.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE OLVEIRA – Asociación Cultural As Dunas

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 05/08/2024, relativa á celebración das Festas Patronais de Olveira, e na que expón:

“

- *Recíbese petición de José Manuel Martínez Suárez, en nome da Asociación Cultural As Dunas, rexistro electrónico núm. 2024 1774 de 09 xullo de 2024 interesando celebrar as Festas Patronais de Olveira os días 13, 14 e 15 de agosto de 2024.*
- *Manifesta que terá lugar no Adro da Igrexa Parroquial de Olveira, no lugar de Bregal e haberá actividades infantís (Xogos con inchables e festa da escuma), exhibición de baile, verbena con orquestras nocturna, Dj, actos relixiosos (procesión).*

Achega:

- ✓ *Póliza de Seguro Responsabilidade Civil e recibo de pago (Nº Póliza 54835 2831 coa vixencia de ata ó 09-02-2025).*

- *Por isto solicita:*

- *Autorización para celebrar as Festas Patronais de Olveira os días 13, 14 e 15 de agosto de 2024.*
- *Servizo de limpeza e disposición de contenedores de residuos sólidos urbanos.*

Convida á Corporación Municipal na celebración desta festa.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Autorizar á celebración das Festas Patronais de Olveira os días 13, 14 e 15 de agosto de 2024, cunha programación variada de actos que terá lugar no Adro da Igrexa Parroquial de Olveira co horario límite de ata ás 5.00h am do día 14 e 16 de agosto e 6.00h am do día 15 agosto respectivamente.
2. Dispor do servizo de limpeza viaria e reforzar o número de depósitos de residuos durante os días da festa.
3. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:
 - ✓ Declaración responsable asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da correspondente documentación acreditativa.
 - ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.



- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
 - ✓ Determinar a capacidade ou aforo desta festa.
 - ✓ Aportar cartel anunciador.
4. Comunicar ao solicitante que
- ✓ Precisar a autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.
 - ✓ Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
 - ✓ Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.

Por en coñecemento da Corporación Municipal de Ribeira a invitación da entidade organizadora, *Asociación Cultural As Dunas*, de participar na programación desta festa.

Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

28.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN RASTRILLO DE ANTIGÜIDADES E COLECCIONISMO – José Antonio Giménez Martínez

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal, Antía Alberte Maneiro, de data 02/08/2024, relativa á celebración das Festas de Palmeira, e na que expón:

“

- *Recíbese petición de José Antonio Giménez Martínez, rexistro electrónico número 2024 00013210 de data 24/5/2024, interesando instalar un rastrillo de antigüedades e coleccionismo o vindeiro 14 de agosto de 2024 na Praza do Concello de Ribeira, en horario de 9.00 a 21.00 horas cunha ocupación de 50 metros.*
- *Acompaña á solicitude*
Fotocopia do DNI do interesado
Recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil anual (Allianz Seguros de 31-01-2024)
Plano gráfico de ubicación e ocupación na Praza do Concello- Ribeira.
- *Comunica erro na data de celebración substituída polo domingo 11 de agosto de 2024.*
- *Engádese ao expediente Informe da Policía Local sobre a ubicación interesada para celebrar este rastillo, asinado polo Inspector Xefe, José Manuel Bretal Laganga na data 31-7-2024.*
 - *Trátase dunha feira que vén celebrándose en Ribeira un domingo de agosto de cada ano.*

Por isto INFORMO

Que considerando o Informe da Policía Local no que propón como lugar axeitado a Praza Porta do Sol, e consultado as actividades programadas para este día, esta área municipal de cultura considera que non existe inconvinte para que poida ter lugar a celebración do rastrillo de antigüedades e coleccionismo nesta nova ubicación e data 11 de agosto de 2024.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1. Autorizar a celebración deste Rastrillo de Antigüidades e Coleccionismo o domingo 11 de agosto de 2024 en horario de 9.00 a 21.00horas na Praza Porta do Sol respetando os metros de ocupación solicitados (50mts).
2. Trasladar aos servizos económicos para que procedan á liquidación correspondente.
3. Poñer en coñecemento do Corpo da Policía Local a celebración deste evento.

29.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

Visto o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 08/008/2024 (Rexistro de entrada nº 20.191), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas), os días 10, 17, 24 e 31/08/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas), os días 10, 17, 24 e 31/08/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Beatriz Doval Saiñas (PLAYA MOSQUEIROS)

VISTO o escrito presentado por **Beatriz Doval Saiñas**, en representación do establecemento “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), de data 07/08/2024 (Rexistro de entrada nº 20.025), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras Ribeira), o día 10/08/2024, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Beatriz Doval Saiñas, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), o día 10/08/2024, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras) (Beatriz Doval Saiñas), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.



TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

31.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE MESAS INFORMATIVAS – Callejeros Barbanza

Visto o escrito presentado por María Dominga Dios Martínez en representación de **Callejeros Barbanza**, de data 07/08/2024 (Rexistro de entrada nº 20.051), no que solicita autorización para a instalación dunhas mesas informativas e de divulgación das actividades da protectora e para recadación de fondos, o día 31/08/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación dunhas mesas informativas e de divulgación das actividades da protectora e para recadación de fondos, o día 31/08/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

32.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA III EDICIÓN DA FEIRA DO VINILO – José Manuel Martínez Fernández

Vistos os escritos presentados por **José Manuel Martínez Fernández**, de datas 03 e 29/07/2024 (Rexistros de entrada nº 17.293 e 19.306), nos que solicita autorización para a celebración da III Edición da Feira do Vinilo e toma de electricidade, o día 10/08/2024, na Praza da Porta do Sol (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da III Edición da Feira do Vinilo e toma de electricidade, o día 10/08/2024, na Praza da Porta do Sol (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

33.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE TOMA DE ELECTRICIDADE – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira



Visto o escrito presentado por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira**, de data 05/08/2024 (Registro de entrada nº 19.924), no que solicita un punto de luz no Parque da Arrochela (Palmeira), os días 09 e 10/08/2024, para conectar uns inchables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** non autorizar a solicitude de instalación dunha toma de electricidade no Parque da Arrochela (Palmeira), os días 09 e 10/08/2024.

34.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202407/403

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/07/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO "INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA"_3 LOTES: LOTE 2: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, CENTRO DEPORTIVO FIEITEIRA. LOTE 3: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, UAD". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241395471
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/09/2024		Fecha: 19/09/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2024 10:54:18		Hora: 10:54

